

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL**

DEZAOITO: - - - - -

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto - Carlos Agís Balboa
- D^a Vanessa Rodríguez Búa

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 27 DE DECEMBRO DE 2017 E 29 DE XANEIRO DE 2018. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que desde que existe este novo sistema, que din que non se escoita moi ben, hai erros de transcripción e gramaticais, citando os seguintes para a súa corrección: **Acta do 27/12/17:**Páxina. 182 liña 10: onde di “que o señor Telmo ía facer *apartamentos*”, ten que dicir “que o señor Telmo ía facer **aparcamentos**”. Páxina. 185 liña 9: onde di “axudar a xente que o necesita, sobre todo en temas *especiais*”, debe dicir “axudar a xente o que necesita, sobre todo en temas **sociais**”. **Acta 29/01/18:**Páxina. 193: onde di “o importante é que se faga o colexio canto antes e tamén me interesa ver nalgún momento reformado o colexio vello”, o concelleiro no uso da palabra aludiu a que non dixo que se reformase o colexio vello, senón que se ía a facer co vello, se se ía a reformar. Finalmente o **Sr. Agís Balboa** sinalou que cando non se utilizaba este sistema de transcripción as actas redactábanse mellor.

O **Sr. Secretario** explicou que o problema é que o equipo que se instalou non permite que se oían perfectamente as voces dos concelleiros/as, a persoa que fai a transcripción ten verdadeiras dificultades, porque non se chegan a oír con exactitude o que din os intervenientes. Este problema está en vías de solucionarse, porque coa nova normativa practicamente non vai a haber transcripción das actas, soamente gravación audiovisual e un extracto en papel das mesmas. Con respecto aos erros gramaticais tratamos de axustar todo o posible o texto ao tradutor oficial da Xunta de Galicia, “Gaió” e seguramente os erros serán porque, tal e como dixen antes, existen problemas coa gravación e hai palabras que non se escoitan ben. Á vista de todo o que aconteceu e mentres non se instale o novo sistema, vamos a seguir co antigo.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas**, coas modificacións sinaladas anteriormente

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º) APROBACIÓN DEFINITIVA DA MEMORIA DE VIABILIDADE RELATIVA AOS ASPECTOS SOCIAIS, XURÍDICOS, TÉCNICOS E FINANCEIROS DA SOCIEDADE MERCANTIL DEPENDENTE “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión informativa de estudo da mercantil “Insula Sanxenxo, empresa municipal da vivenda e solo, S.L.”** do 21 de febreiro de 2018.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que unha vez redactadas as memorias económicas e técnicas das dúas empresas, correspondía agora a súa aprobación definitiva.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que este era un trámite formal, engadindo que mantería o mesmo voto que na comisión.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que Insula se creou para o que se creou, recentemente organizou a Feira Multisectorial e gustaríalle saber para que se vai utilizar, o que lle preocupa é ver que se fai coa empresa.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, especificou que acude as comisións por invitación, xa que o representante do Grupo Mixto é o **Sr. Agís Balboa**, que agora ten tempo para asistir. No que respecta a sociedade non se fixo mención ao obxecto da creación da empresa, poñer a disposición dos mozos vivendas cun prezo inferior ao do mercado pero coa mesma calidade, engadindo que este goberno municipal debería promover o obxecto da sociedade, poñer a disposición da xuventude e doutros colectivos, vivendas deste carácter en réxime de propiedade ou de aluguer.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que nun tempo concreto houbo unha utilización política do problema da vivenda, do obxecto da empresa non se viu mais que os carteis e non se tomou en serio, tan só serviu para desviar a atención dun problema. Independentemente diso o obxecto social da empresa e moi amplo, lembrando que desde o ano 2014 tentouse viabilizar a sociedade mercantil, para o que debería dispoñer de capacidade de autofinanciamento, xa que a disolución traería consigo a perda do capital social, existiron dúbidas legais sobre se se tiña que disolver, ata que se aclarou cun informe de Intervención, decidindo organizar a Feira de Portonovo para evitar males maiores e para que o concello tomase o control, logrando a viabilidade da sociedade, agora hai que buscar a súa rendibilidade.

A **Sra. Deza Martínez** tamén citou que o obxecto social da empresa era amplo e podía darse un enfoque para a xestión do patrimonio do solo municipal e mesmo a construción de vivendas para os mozos, podendo ser o momento idóneo, agora que se estaba empezando a mover o mercado inmobiliario.

O **Sr. Otero Domínguez** especificou que a promoción da vivenda pública naquel momento non foi mais alá da propaganda e lembrou que o aproveitamento lucrativo do concello foi vendido e non se fixo ningunha iniciativa. O interveniente dixo que agora se debía empezar por abaixo, xa que crear expectativas coa vivenda con fins electorais, sería un insulto a intelixencia da xente.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu o ditame a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobado, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a Memoria de Viabilidade relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da sociedade mercantil “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”, que consta de DEZAOITO (18) Páxinas.

SEGUNDO: Someter dita Memoria a información pública por prazo de **trinta días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.”-----**

3º) APROBACIÓN DEFINITIVA DA MEMORIA DE VIABILIDADE XURÍDICA, SOCIAL, TÉCNICA E FINANCEIRA DA SOCIEDADE MERCANTIL DEPENDENTE “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión informativa de “Turismo de Sanxenxo, S.L.”** do **21 de febreiro de 2018**.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que a través da xestión de eventos tentaríase darlle cobertura a esta sociedade.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, aludiu a que habería que repetir o manifestado no punto anterior e lembrou que a situación desta sociedade era insustentable, polo que desde o goberno anterior traballaron para salvala e darlle viabilidade, finalizando a súa intervención para anunciar o seu voto favorable a proposta.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, logo de citar varios datos que figuran na memoria e que demostran a importancia deste sector para Sanxenxo, dixo que antes esta sociedade era mixta, tendo o concello un 75% do capital social e o restante o CETS, pero coa operación acordeón pasou a ser o 100% municipal, engadindo que consideraba a esta empresa infrautilizada e que poderían facerse moitas mais cousas. Finalmente o concelleiro en uso da palabra lembrou que, ao remate do pasado verán, faláron de ter unha reunión co CETS para tratar de Turismo e segue esperando que se produza.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, en primeiro lugar advertiu dunha posible errata na páxina 23 da memoria, cando figura a data do 16 de xullo de 2016, posto que ese día era sábado, a data correcta era o 14 de xullo de 2016, debéndose corrixir esta errata. A continuación anunciou o seu voto a favor e aludiu a que a esta sociedade non se lle estaba sacando todo o mollo posible, tendo que poñerse as pilas o Concelleiro de Turismo e a que, unha vez salvada a mercantil, o CETS debería implicarse mais.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, explicou que a obriga legal de autofinanciamento é o que nos levou a isto e que, recoñecendo que o turismo é o principal sector para Sanxenxo, se considerou durante anos que o concello, con cartos públicos saídos dos impostos, debería dedicarse á unha promoción turística que produce beneficios considerables para sociedades privadas, pero se o turismo dá beneficios á iniciativa privada, o razoable e que o faga tamén para a sociedade pública, tendo que conseguir ingresos ao marxe dos impostos para que non se financie cos presupostos municipais, estando en contra do financiamento dos certificados de calidade SICTED, cando os beneficios son para sociedades privadas.

A **Sra. Deza Martínez** especificou que a promoción turística era inversión que repercute nas arcas do concello, precisando que tamén a Deputación aposta, ao igual que o concello, polos destinos turísticos de calidade, lembrando que durante varios meses Sanxenxo é a terceira cidade en poboación de Galicia e que esta sociedade pode ir mais alá neste campo, sendo este o primeiro paso para que sexa rendible.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que ninguén discute a promoción, senón que proceda dos impostos, debendo xerarse outro tipo de ingresos, como os procedentes de marquesiñas ou organización de eventos, algún deles de pago.

A **Sra. Deza Martínez** sinalou que para que exista demanda ten que haber oferta, entendendo como necesario que interveñan as administracións públicas para facer parte desa promoción.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a Memoria de Viabilidade Xurídica, Social, Técnica e Financeira da Sociedade Mercantil Dependente de “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”, que consta de VINTE E SEIS (26) Páxinas.

SEGUNDO: Someter dita Memoria a información pública por prazo de **trinta días** mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.”-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL A OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OFICINA PROFESIONAL TERAPÉUTICA NA RÚA CORUÑA, 13 – BALTAR (ADINA), ASÍ COMO A CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN DO 95% DO ICIO PROMOVIDA POLA “ASOCIACIÓN NEEN@S SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 21 de marzo de 2018.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que dado o interese da actividade da sociedade, non tiña moita razón de ser o debate.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, alabou o labor desta asociación, engadindo que cando estaba no goberno tentaron axudar canto puideron.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que para axudar a esta asociación non tiña problema ningún, sinalando que debería explicarse que o local que ocupan é para uso administrativo, xa que non é posible a utilización con finalidade terapéutica.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, dixo que ía votar a favor por tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro que traballa con nenos discapacitados, lembrando que na súa etapa no goberno municipal instalouse o primeiro xogo inclusivo neste concello, que podían utilizar todos os nenos, finalizando a súa intervención para felicitar a Asociación.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, anunciou o voto favorable a proposta.

A **Sra. Deza Martínez** aclarou que a licenza concedida era para oficina e que seguían utilizando as dependencias municipais para a actividade de fisioterapia.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: declarar de especial interese e utilidade municipal a obra de acondicionamento de local para oficina profesional terapéutica na rúa Coruña, 13-Baltar-Adina.

SEGUNDO: conceder a bonificación do 95 % do I.C.I.O. dun orzamento de 13.500,00, cuxa bonificación ascende a 513,00 euros.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 01 DE FEBREIRO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 955) MEDIANTE O QUE SE INDICA QUE CON DATA DO 31/01/18 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NO 4º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 01 de febreiro de 2018, rexistrado de entrada co número 955, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.10.17, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao terceiro trimestre, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 1 de febreiro de 2018”.

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 2, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 01 DE FEBREIRO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 956) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 01 de febreiro de 2018, rexistrado de entrada co número 956, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 4º trimestre de 2017, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 3º trimestre de 2017 e o 4º trimestre de 2017 é a seguinte

3º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	19,50	31,39	9,22	9,99	0,00
PMPP	20,28	18,76	0,71	0,00	243,50

4º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	15,17	23,77	4,64	15,67	0,00
PMPP	11,37	47,36	5,95	0,00	90,90

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 1 de febreiro de 2018”.

Adxunto a este escrito figuran 12 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 12, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10,11,12 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 01 DE FEBREIRO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 957) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 4º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 01 de febreiro de 2018, rexistrado de entrada co número 957, que a continuación se transcribe literalmente:

“ Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao cuarto trimestre de 2017, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 1 de febreiro de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 79 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 79, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 24, 25, 27, 29, 30, 32, 41, 43, 47, 48, 49, 52, 53, 55, 56, 58, 60, 61, 63, 67, 70, 72 e 76 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 01 DE FEBREIRO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 958) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 31/01/18 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 1 de febreiro de 2018, rexistrado de entrada co número 958, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao cuarto trimestre de 2017, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.10.17, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 1 de febreiro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 100 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 100, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5,6, 7, 8, 9, 10,16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 3, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98 e 99 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 2.472 DO 16/03/18) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 14/03/18 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CUESTIONARIO RELATIVO Á INFORMACIÓN IMPOSITIVA MUNICIPAL DO EXERCIZO DE 2018. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 14 de marzo de 2018, rexistrado de entrada co número 2.472, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase cuestionario relativo á información impositiva municipal do exercicio de 2018, remitida telematicamente con data de hoxe. Sanxenxo, 14 de marzo de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o folio número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 20 DE MARZO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 2.620) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 14/03/18 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2018-2021). O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 20 de marzo de 2018, rexistrado de entrada co número 2.620, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, o día 14.03.18, do marzo orzamentario a medio prazo (2018-2021), a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

O mencionado marco orzamentario elaborouse sobre a base das seguintes especificacións:

“O presente marzo orzamentario realizouse tomando como base, o orzamento aprobado de 2016 prorrogado a 2017, e para as anualidades 2018-2020 o plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación, no ano 2012, e validado polo ministerio, coas lóxicas adaptacións que, sucintamente, son:

A) Do lado dos ingresos

1º. En canto ao IBI, considerouse a entrada en vigor da nova ponencia de valores para o exercicio de 2015, pero sen variación respecto de 2014, polo tipo de gravame aprobado do 0,48 %. Tómanse, pois, como referencia os valores de dereitos recoñecidos e recadados da liquidación de 2014.

- 2º. Están en marcha as medidas de inspección fiscal, en especial, en materia de IBI e ICIO.
- 3º. O ICIO mantense conforme ao plan de axuste e pasa a ser un ingreso afectado a superávit, reservas, provisións ou responsabilidades indemnizatorias, tal e como se estableceu no plan de axuste e bases de execución do orzamento vixente (menor contía que os dereitos recoñecidos en 2014)
- 4º. As previsións dos capítulos III, IV, V, VI e VII mantéñense nos criterios do marco do plan de axuste, coa especificidade da prohibición da presupuestación inicial de subvencións correntes ou de capital, que deberán ser incorporadas ao orzamento mediante modificación orzamentaria, unha vez confirmadas.
- 5ª. Mantense a prohibición do recurso ao endebedamento a longo prazo durante todo o escenario do plan de axuste, é dicir, ata 2022 incluído.

B) Do lado dos gastos

- 1º. O gasto de persoal de 2017 orzaméntase conforme ao orzamento prorrogado; para as anualidades 2018-2020 tómase como base o orzamento de 2016 prorrogado, que asume, desde 2013, a subrogación do persoal do servizo de limpeza e conserxerías (contrato externo suprimido) e decrementado polas amortizacións de prazas por xubilación e outras causas, previstas ou non no plan de axuste e efectivas no trienio 2012-2014.
- 2º. En canto ao gasto corrente tómase como referencia para o ano 2017 o orzamento prorrogado e para as restantes anualidades a base do plan de axuste. Así mesmo se actualizan as cantidades do plan quinquenal 2013-2017 de devolución de cantidade diñeraria derivada de executoria xudicial en materia urbanística.
- 3º. No capítulo III actualízase o importe das anualidades 2017-2019 polo efecto da executoria anteriormente mencionada e elo no que respecta ao intereses de demora devengados. Polo demais mantense o preciso para o servizo da débeda nos termos do marco do plan de axuste.
- 4º. Os capítulos IV e VII mantéñense nos termos do plan de axuste, de poder viabilizarse como gasto voluntario, sen prexuízo das transferencias a entes dependentes. Exceptuase unha transferencia de capital a favor da empresa estatal ACUAES de 176.794,31 euros por execución de obras hidráulicas.
- 5º. Non se prevén gastos derivados de activos financeiros.
- 6º. O gasto en pasivos financeiros mantense nos termos do marco do plan de axuste para facer fronte ao servizo da débeda a longo prazo.
- 7º. O gasto resultante corrente ten un incremento interanual do 0 %.

Especifícanse as medidas do lado dos ingresos e dos gastos concordantes co plan de axuste”.

A mencionada obriga garda concordancia co disposto no artigo 29 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, que literalmente di:

“Artículo 29. Plan presupuestario a medio prazo.

1. Se elaborará un plan presupuestario a medio prazo que se incluírá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.

2. El plan presupuestario a medio plazo abarcará un periodo mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:

a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.

b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el periodo considerado.

c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.

d) Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.

3. Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.

4. Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada.” Sanxenxo, 20 de marzo de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 20 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 20, tendo os folios números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 11 DE DECEMBRO DE 2017 AO 13 DE FEBREIRO DE 2018 (DE RES. Nº 2520/17 A RES Nº 386/18). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas desde o 11 de decembro de 2017 ao 13 de febreiro de 2018**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, SOBRE A ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E A CONSTRUCCIÓN DUNHA SALA POLIVALENTE NAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL, EN BALTAR. A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION:**

Segundo manifestacións do ministro de Facenda, Cristobal Montoro, nuns días o Goberno aprobará o decreto sobre a re-inversión do superávit dos concellos. Este decreto saldría adiante tras o acordo alcanzado coa Federación Estatal de Municipios e Provincias (FEMP).

A aprobación de este Decreto-lei permitiría os concellos utilizar o superávit do exercicio 2017. Segundo manifestou o Ministro de Facenda, estas partidas poderán ir destinadas a seguridade e orde público, protección civil, servizo de extinción e prevención de incendios, asistencia social primaria, creación de centros docentes de ensinanza infantil e primaria, arquivos, bibliotecas, equipamentos culturais, museos e instalacións deportivas.

O concello de Sanxenxo pechou o pasado exercicio con un superávit provisional de 1,7 millóns de euros, os cales, si se aproba finalmente o Decreto-lei anunciado, poderán ser invertidos no noso municipio.

Dúas das necesidades de Sanxenxo se enmarcarían nas materias sinaladas por o ministro como financiáveis a través do superávit municipal, e por tanto, poderían verse solucionadas e financiadas a través da posibilidade aberta coa aprobación deste Decreto-lei.

Por unha banda, está a imperativa necesidade de dotar o Servizo de Emerxencias de Sanxenxo dun CAMIÓN DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DE REDUCIDAS DIMENSIÓNS que lles permita acudir as emerxencias que puideran xurdir nas rúas mais estreitas de seu ámbito de actuación, como son por exemplo moitas das rúas do núcleo de Portonovo, nas que e imposible acceder cos camións dos que dispón o servizo na actualidade.

Por outra banda, está a necesidade de completar o complexo deportivo do ximnasio e piscina municipal con unha SALA POLIVALENTE, na que se poidan realizar as actividades monitorizadas ofertadas polo Concello e que a día de hoxe, e dende que se eliminara a sala que xa existía para ampliar o ximnasio, se realizan nunha sala da Pista Polideportiva de Baltar, que non reúne as condicións adecuadas para o uso que se lle está dando.

Por todo elo, solicito o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Acórdase a adquisición dun camión de extinción de incendios que permita o acceso as rúas mais estreitas do ámbito de actuación do Servizo de Emerxencias de Sanxenxo.

- Acórdase a construción dunha Sala Polivalente que complete adecuadamente as instalacións deportivas municipais nas que se atopan xa a piscina e o ximnasio do Concello de Sanxenxo.”

A **Sra. Rodríguez Búa** xustificou a urxencia porque isto debía estar feito desde fai tempo, pero neste concello estaban limitados pola situación que deixaron.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa** explicou que de cando era a concelleira da área, era consciente da necesidade do camión, porque sen el non se pode acceder a moitos lugares e estamos falando da seguridade da xente, polo que respecta á sala a demándana os usuarios da piscina e tratábase dun proxecto que pretendía levar a cabo o tripartito.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que había que ampliar o ximnasio e preguntou a poñente onde tiña pensado facer a sala e o custo do camión.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, dixo que votaría a favor da moción, parecéndolle fenomenal todo o que sexa dar ideas e aportar, necesitándose un camión pequeno para o servizo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que estaba de acordo parcialmente, porque a sala non lle parecía unha prioridade, pero que sería moi interesante coñecer a posición actual dos concelleiros de SAL, porque no goberno anterior os representantes do citado grupo insistían moito nesta actuación, especialmente o Sr. Fernández Piñeiro.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, matizou que consideraba mais importante adaptar as bocas de rego á normativa vixente e que na sala se facían labores de mantemento, pero entendía que as aportacións positivas son boas. Á concelleira proponente díxolle que se queixou das formas cando viu ao pleno o convenio da rúa Progreso e agora, nesta moción, tampouco son correctas as formas, porque non di instar ao goberno, senón acordar facer, cando o pleno non é o órgano competente, engadindo que votarían en contra da moción.

A **Sra. Rodríguez Búa** precisou que non tiña problema algún en cambiar o texto da moción no sentido indicado pola anterior interveniente, sempre que se comprometesen a aprobala. Sobre o camiión, a súa adquisición é o que recomendaban os especialistas e valería 120.000 euros aproximadamente, o que non lle parecía moito tendo en conta que o superávit ascendía a 1.700.000 euros, mentres que a sala iría a 200.000 euros.

A **Sra. Deza Martínez** especificou que non cambiarían o voto en contra e que había prioridades, entendendo que o primeiro era arranxar as bocas de rego, considerando mais importante a instalación de baño adaptado que a sala, engadindo que aínda non sabían como se podía aplicar o superávit do presuposto.

O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, sobre a sala, dixo que o criterio que seguían era o da urxencia e agora tiña mais a instalación dun novo deshumidificador na piscina, quedando a sala para o futuro

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra:11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada.** -----

O **Sr. Presidente**, ante a presentación polo **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** dunha moción sobre o transporte escolar no IES de Vilalonga, sinalou que este era un tema delicado, polo que tiña previsto unha reunión na Xunta, solicitando que retire o citado Grupo a moción, xa que este asunto podía ser motivo mesmo dun pleno extraordinario, engadindo que se non a retiraban, non ían a aprobar a urxencia, porque este era un tema de calado e quería dispoñer de toda a información necesaria.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** destacou que a primeira parte da moción era a petición da ANPA, non sabendo como non se enterou do problema, porque saíu na prensa, sinalando que se dicía que ía a facer un pleno extraordinario sobre este asunto, retiraba a moción, engadindo que este problema existía desde principio de curso, sen ter ningún avance.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido popular**, matizou que unha cousa era pedir para o concello e outra instar á consellería, como nos acordos da moción.

O **Sr. Presidente**, indicou que despois da reunión na consellería, convocaría unha Xunta de Voceiros e, se fai falta, convocaríase un pleno extraordinario.

A Sra. Fernández Agraso, preguntou ao Sr. Presidente se daba a súa palabra respecto de convocar un pleno extraordinario para tratar este asunto e, ao contestar en sentido afirmativo o interpelado, indicou que non presentaban a moción.

2º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. GONZÁLEZ-HABA PÉREZ, RELATIVA AO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS. A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

El Sistema Público de Pensiones constituye la política pública con mayor capacidad de redistribución y reducción de las desigualdades (el 46%).

Las políticas del PP representan una seria amenaza para el sistema público de pensiones: con sus políticas de empleo han puesto en peligro la sostenibilidad económica de las pensiones, que han entrado en un periodo de déficits constantes y crecientes; con el nuevo mecanismo de revalorización, que se desvincula del poder adquisitivo y con el factor de sostenibilidad, que ajusta el importe de la pensión en función de la esperanza de vida, se condena a los pensionistas a un progresivo empobrecimiento. Y todo ello, lo han hecho mediante la imposición, sin diálogo social y rompiendo unilateralmente el consenso del Pacto de Toledo. Con estas políticas el PP está preparando el camino para los Fondos de Pensiones privados, en detrimento del Sistema Público de Seguridad Social.

Los resultados de esta política están a la vista: progresiva pérdida de poder adquisitivo de las pensiones, sensación de incertidumbre en los actuales jubilados sobre si el Estado será capaz de pagar sus pensiones en los próximos años, sentimiento de injusticia en aquellos que contribuyen al sistema pero dudan de que éste les pueda proporcionar una pensión digna en un futuro a 10 o 20 años vista, y desesperanza casi absoluta por parte de la juventud en que algún día puedan contribuir y ser protegidos por el sistema.

El PP está laminando el Sistema Público de Pensiones sometiendo a un expolio sistemático al Fondo de Reserva de la Seguridad Social.

El déficit existente ha sido compensado por retiradas masivas del Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millones de euros a finales de 2011, se sitúa, en el día de hoy, en 8.095 millones de euros.

El Fondo de Reserva, surgido de la reforma de la estructura financiera de la Seguridad Social llevada a cabo por los socialistas en 1989 y recogido posteriormente como una recomendación del Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cuando surgieran las mayores tensiones generacionales sobre el Sistema, en torno al año 2023. De no haber recurrido a él, el Fondo tendría hoy más de 90.000 millones, incluso sin nuevas aportaciones, sólo en base a su propia rentabilidad. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, nuestra hucha de las pensiones quedará totalmente vacía en el año 2018. Es decir, se va a agotar 10 años antes de lo previsto.

Este escenario pone en riesgo la situación financiera de la Seguridad Social y en consecuencia, la garantía no sólo de las pensiones actuales sino también, y especialmente, de las pensiones futuras. Por eso es imprescindible adoptar medidas que den estabilidad al Sistema.

En el PSdeG-PSOE consideramos que el derecho a las pensiones y el acceso al Sistema de Seguridad Social debe considerarse un derecho constitucional y ser incorporado como tal en la reforma de la Carta Magna que proponemos. Para ello, planteamos medidas destinadas a garantizar el futuro del Sistema Público de Pensiones: recuperando el Pacto de Toledo y el diálogo social; aprobando un nuevo Estatuto de los Trabajadores que promueva derechos laborales y empleo de calidad; y estableciendo una fuente complementaria de financiación de las pensiones a cargo de los PGE, como en la mayoría de los países de nuestro entorno.

Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO E INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A:

1 Garantizar el poder adquisitivo de las pensiones, recuperando la actualización de las mismas conforme al IPC.

2 Eliminar el factor de sostenibilidad establecido por el PP en la Ley 23/2013, que reducirá las pensiones de jubilación en función de la esperanza de vida del grupo correspondiente a partir del 1 de enero de 2019.

3 Racionalizar los gastos del sistema, desplazando a los Presupuestos Generales del Estado aquellos que no corresponden a prestaciones.

4 Aumentar los ingresos del sistema financiación, aplicando entre otras medidas:

a) Nuevos impuestos extraordinarios a la banca, porque si toda la sociedad española ha contribuido al rescate de las entidades financieras, este impuesto ha de servir para contribuir al rescate del sistema público de pensiones.

b) Intensificando la lucha contra el empleo irregular y el fraude a la Seguridad Social.

5 Modernizar la gestión del Fondo de Reserva a través de una mejora de su regulación, recuperando el establecimiento de límites a la disposición de fondos con carácter anual.

6 Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente la brecha cercana al 40% existente entre la cuantía de las pensiones de los hombres y de las mujeres (déficit de género):

a) Aprobación de una Ley de Igualdad Laboral con el fin de eliminar la brecha salarial, y por lo tanto de cotizaciones, que acaba derivando en pensiones más bajas.

b) Recuperar nuestra medida incluida en la Ley 27/2011 de incrementar la pensión de viudedad para mayores de 65 años que no reciban otra pensión pública hasta alcanzar el 60% de la base reguladora, medida que afecta de manera mayoritaria a las mujeres.

7 Introducir en el Pacto de Toledo, un nuevo principio de “reequilibrio presupuestario”, un concepto que implica una búsqueda constante de racionalización de gastos y de ajuste de ingresos cada año.”

A **Sra. González-Haba Pérez** xustificou a urxencia porque sobre este tema planteouse un debate e hai que darlle solución

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. González-Haba Pérez** explicou que o sistema de pensións regulábase no artigo 50 da Constitución e había que acatala, era un tema que non vai de partidos políticos, senón de persoas, indicando que case seguro que todos temos nas familias pensionistas afectados. A concelleira interveniente dixo que había que esixir a revalorización das pensións co IPC, lembrando que houbo diñeiro para rescatar aos bancos e as autoestradas, engadindo que na concentración que se fixo na porta do Concello por esta reclamación, non había ninguén do goberno municipal bipartito.

O **Sr. Presidente**, dixo que non lle ía facer o xogo ao PSOE facendo política das pensións.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, aludiu a que a pesar de estar de acordo con moitos puntos da moción, íase abster, porque o seu partido era de ámbito local e este asunto trascéndeo

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que pensaba que estaban no Parlamento e que as pensións son un grave problema, engadindo que o que tiñan que facer as empresas era dar contratos estables e soldos mínimos decentes e, con iso, pagaríanse as pensións e que este non era un tema para tratar aquí, estándose a facer política.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que non era nin a primeira nin a última vez que se trata deste asunto nun pleno e que agora era actualidade, estando as protestas totalmente xustificadas, aínda que discrepan de apartados concretos da moción, como o IPC. O interveniente destacou a permisividade do Estado coas empresas que camuflan beneficios e repercuten abusivamente as tarifas aos usuarios, o cambio das leis laborais e o abaratamento dos contratos, engadindo que as pensións de viudedade, en Galicia, están a cola do Estado.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, despois de dicir que todos tiñan pensionistas nas súas familias, aludiu a que o PSOE presenta esta moción, cando foi o que conxelou as pensións, mentres que o PP creou o fondo de reserva para os tempos de crises, precisando que o mellor para as pensións era a creación de emprego e que estaban de acordo na loita contra o fraude e o traballo irregular. Finalmente a concelleira interveniente, logo de manifestar que poucos países teñen un sistema educativo e sanitario como o noso, sinalou que non admitía leccións de moralidade nin de xestión do PSOE, cando na súa época no goberno perdéronse mais de tres millóns de afiliados á seguridade social.

A **Sra. González-Haba Pérez** precisou que só se conxelaron as pensións mais altas e durante un ano e engadiu que agora se crea emprego precario e non de calidade. Respecto do sistema sanitario dixo que era fabuloso, grazas aos profesionais, porque tamén están intentando privatizar a sanidade e sobre o fondo de reserva explicou que o creou o PP, encheouno o PSOE e baleirouno o PP, finalizando a súa intervención para indicarlle aos representantes do PP que recapaciten e asuman algo de culpa.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que xa que queren que as pensións se paguen cos Presupostos Xerais do Estado, deberían aprobalos, engadindo que cada vez que goberna o PSOE en España deixan as arcas vacías.

A **Sra. González-Haba Pérez** indicou que xa tiñan a Ciudadanos para aprobar os presupostos.

A **Sra. Deza Martínez** preguntou para que estaba entón o PSOE, porque tamén ten responsabilidades.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada.** -----

3º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA DE TERRAZAS. A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

No pleno do 27 de marzo de 2017, fai exactamente un ano, o Grupo do Partido Popular de Sanxenxo, presentou unha moción para impulsar a aprobación dunha ordenanza reguladora da instalación de terrazas no espazo público municipal.

A referida moción decía literalmente o seguinte:

“MOCIÓN SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL

O concello de Sanxenxo é un municipio eminentemente turístico, no que destaca o sector servizos como un dos principais motores da nosa economía, sendo un dos concellos de España que máis visitantes recibe, de xeito que chega a multiplicar a súa poboación, ata por cinco, na época estival, polo que resulta imprescindible regular o uso do espazo público dentro da esfera de competencia municipal, asegurando a convivencia do uso público coa utilización privada.

A aprobación da Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo, e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, máis coñecida como “Lei Antitabaco”, supuxo que se impulsase a instalación de terrazas, o que provocou unha transformación da paisaxe urbana e un incremento da demanda por parte dos titulares dos establecementos.

As terrazas contribúen ao esparexemento e ás relacións sociais, e favorecen a proxección de imaxe aberta, dinámica e vitalista do noso municipio. Non podemos ser alleos as sinerxías que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ó turismo. Non obstante, este aproveitamento debe realizarse dun xeito ordenado, polo que consideramos necesario establecer a súa regulación e límites ó seu exercicio, co fin de garantir a protección dos dereitos dos veciños e visitantes, relativos ao uso deses espazos públicos, seguridade pública, tranquilidade e descanso, accesibilidade, así como a

protección do medio ambiente, da paisaxe urbana e das características propias do noso municipio e cada unha das súas zonas.

Debe promoverse, por tanto, unha ordenanza que garanta a prevaecía da utilización pública e do interese xeral sobre a utilización privada, respectando os dereitos dos viandantes, os consumidores e a seguridade das instalacións. Unha regulación que contemple o tratamento das terrazas de forma integral e que abarque non só o aspecto estético e a racionalización do espazo ocupado, senón tamén, de maneira específica, os aspectos relacionados coa accesibilidade. Polo tanto, a instalación de mesas e de cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público, consonte o artigo 73.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que dispón no seu artigo 77.1 que o uso común dos bens de dominio público suxeitarase a autorización, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno do Concello esta **MOCIÓN SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL**, e instamos ao goberno a:

- Realizar todos os trámites oportunos para a aprobación dunha ordenanza reguladora da instalación de terrazas no espazo público municipal, incluídas as consultas que sexan necesarias co sector hostaleiro.”

A referida moción fora aprobada por unanimidade por o Pleno do Concello. Sin embargo, e a pesar de existir xa varios estudos realizados, tanto por personal propio do Concello como por empresas externas, non consta que o actual grupo de goberno esté traballando na redacción da devandita ordenanza.

Por todo elo, solicito o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Acórdase realizar todos os trámites oportunos para a aprobación dunha ordenanza reguladora da instalación de terrazas no espazo público municipal.”

A **Sra. Rodríguez Búa** xustificou a urxencia porque, cando ela estaba no goberno, fai un ano, sobre este tema estaban todos de acordo e non sabe que pasa para que agora non se tramite, engadindo que xa estaban na semana santa.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que dado que todos votaron a favor dunha moción sobre este tema o 27 de marzo de 2017, agora terían que votar o mesmo e, se non fose así, explicar os motivos.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que xa cando estaba no goberno falábase desta ordenanza, logo aprobouse unha moción no pleno e, un ano despois, non se fixo nada e vólvese a reclamar. Lembrou que se dixo que se realizou algún estudo, preguntando que se dicía no mesmo, engadindo que, ao mellor, se se fai a ordenanza, a metade das terrazas terían que desaparecer, por exemplo por accesibilidade, preguntando, por último, cales son as complicacións ou os impedimentos para a aprobación desta ordenanza.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, anunciou o voto favorable á moción, precisando que as terrazas se teñen que regular por cuestións de accesibilidade e de estética e que esta deixando de ingresarse diñeiro. Finalmente a interveniente aludiu a que durante o tripartito iniciouse o traballo sobre este tema, que como outros non puideron terminar.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, explicou que había un traballo moi básico, sen abordar a cuestión xurídica, por iso, o que se encargou, non era un estudo, senón a redacción dunha ordenanza. O interviniente aludiu a que neste tema houbo permisividade moitos anos e agora xa se montaron terrazas con estruturas fixas e apuntou que xa algunhas datas, o Alcalde comentou sobre a moción aprobada, que iso era antes, cando estaba na oposición, polo que non se vai a aproveitar o traballo feito. Finalmente indicou que coa ordenanza habería dificultades para algunha terraza, que tería que desaparecer por cuestións de accesibilidade e dixo que a situación non podía seguir así.

O **Sr. Presidente** tomou a palabra para dicir que esta moción está copiada literalmente da que presentamos nós cando estabamos na oposición, non ten sentido aprobar unha moción cando hai outra aprobada e que se está traballando nela e anunciou que o grupo de goberno ía votar en contra da mesma.

A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou cal era intención do grupo de goberno, xa que o PP cambia a súa postura en función do cargo que ocupa.

O **Sr. Presidente** indicou que foi moi claro na súa anterior intervención e polo tanto se seguirá traballando nesa liña.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción non resultou aprobada.** -----

ROGOS:

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, lembrou un rogo feito nun pleno anterior sobre a instalación dun sinal en Nantes, na saída da vía rápida, que aínda a día de hoxe, non se puxo.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, pediu colocar un sinal de perigo no paseo de madeira de Bordóns, que vai por donde están os muíños, porque está recuberto de verdín, que ademais se debía retirar.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, especificou que existía o verdín porque o paseo dos muíños estaba sen acabar.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que, con ocasión da reforma da Rúa Progreso, se falou do problema de tráfico, solicitando que se poñan a traballar para buscar alternativas ao tráfico de camións en Sanxenxo, lembrando que no PXOM figuraban outros viais, porque sen alternativas, este problema vai a permanecer igual, aínda que se faga a reforma.

PREGUNTAS:

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que pediu varias veces o escrito ao Ministerio de Facenda, sobre a posibilidade de pagar horas extraordinarias tendo un plan de axuste e non se lle deu, preguntando se se lle ía a entregar, respondendo o **Sr. Presidente** que cando esta finalizado se lle facilitara.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou se na Avenida Rocafort tiñan intención de facer algunha actuación, tendo en conta as demandas da plataforma. O **Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, contestou que cando se reciba definitivamente a obra, verán o que se pode facer.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, aludiu a que veciños de Nantes querían saber as intencións sobre a reparación da igrexa da referida parroquia e a posibilidade de axudas como bonificacións, contestando o **Sr. Presidente** que recollía o dito como un rogo.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou se en semana santa para os locais de hostalaría se ía ampliar a apertura nunha hora a maiores, como se fai no verán e que tiñan pensado para esa época, contestando o **Sr. Presidente** que esa hora a mais non se vai a dar en semana santa e que o verán o tiña que ver, pero pensaba de que non, posto que no porto deportivo hai distintas licenzas de negocios.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sobre o Polígono de Nantes se dixo que se aprobaron obras de limpeza e dado que o goberno actual leva case un ano preguntou cando está previsto que se poida abrir, contestando o **Sr. Presidente** que na asemblea do Parque se deu un prazo de oito meses, que tentarían acurtar, engadindo que había tres temas, depuradora, subestación e obras dentro do ámbito do parque empresarial, que xa están licitadas quedando por resolver a subestación de Fenosa e o tema do saneamento que vai a Dena-Meaño.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou sobre o campo de fútbol de Dorrón, se está todo no aire, ou se xa se fixo o proxecto para dotalo de herba artificial, que é o único do concello que non ten, e a forma de financiamento se con fondos propios, plan concellos ou outras contestando o **Sr. Alcalde** que non estaba no aire, que este campo de fútbol era un compromiso do pacto de goberno e que seguramente as obras estarán comezadas antes que remate esta lexislatura, pero neste momento, non se estaba traballando no proxecto posto que existen problemas cuns terreos e descoñece a día de hoxe a forma de financiamento.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou sobre os sonógrafos dos locais, que vai a pasar coa lectura dos mesmos e que se vai a facer porque hai xente que lle pregunta que vai pasar cos que xa teñen instalados, e se teñen que cambialos por uns novos. O **Sr. Alcalde** dixo que consideramos que con respecto aos locais hai tres temas moi importantes:

horarios, aforo e ruídos. Os horarios se cumpren, o aforo temos que estar vixiantes e nestes momentos estase a facer un estudo sobre aforo dos locais, que posiblemente estea rematado o martes ou o mércores da semana que ven, e con respecto aos ruídos, temos que facer especial fincapé, os sonógrafos, que son moi importantes, non se poden abrir as fiestras ca musica a todo volume e non se pode poñer música na rúa, rematando para dicir que os locais que teñan instalado o sonógrafo cumpriran coa lei.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego preguntou se en Semana Santa ía estar activa a “zona azul” contestando o **Sr. Alcalde** afirmativamente e engadindo que o que había que facer por parte dos condutores e condutoras era respetar os sinais e quen non os respete, se sancionará. -----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**